

Memoria de dirección

IES de Mugarodos

Curso 2018 -2019



ÍNDICE:

1. Obxectivos PXA
2. Resultados académicos
3. Rexistro de actividades
4. Xefatura de Estudos
5. Vicedirección

O curso 2018-2019 transcorreu coa relativa normalidade á que estamos afeitos nos últimos anos. Un dos aspectos máis destacados é a satisfacción polo labor docente nun curso caracterizado pola mobilidade dun terzo do claustro e entre o que contamos con ata cinco profesores en prácticas.

Por outra banda, os resultados académicos foron en xeral avaliados como positivos, aínda que será necesario agardarnos á convocatoria extraordinaria de setembro para cualificalos na súa medida. Neste aspecto, a novidade foi o adiamento en 2º. Bacharelato da convocatoria extraordinaria ao mes de xuño. Trátase dunha promoción con bo rendemento académico: dúas matrículas de honra, seis expedientes con nota superior a 8,75 no bacharelato...

As medidas de atención á diversidade, especialmente impulsadas desde o departamento de Orientación, van paseniñamente instalándose na práctica docente. Con todo, non podemos darnos por satisfeitos e cumprirá seguir insistindo na efectividade da súa aplicación normativa.

Tamén foi un curso que salientou pola cantidade de actividades complementarias e extraescolares. Como en anos anteriores, os datos están dispoñibles no informe de vicedirección. Neste sentido, deu un pulo importante a actividade conxunta de convivencia (Edusolidariedade á mugardesa) na que participamos todos os centros educativos do concello de Mugardos e boa parte da organización recaeu sobre o instituto.

1. Obxectivos PXA

OBXECTIVO 1 Mellora xeral dos resultados académicos.

OBXECTIVO 2 Implantación do ciclo de Formación Profesional Básica “*Agroxardinaría e composicións florais*”.

OBXECTIVO 3 Incorporación ao proxecto E-dixgal: introdución do libro dixital (1º. e 2.º ESO).

OBXECTIVO 4 Mantemento do edificio e instalacións.

OBXECTIVO 5 Proxecto de centro: “*Superheroes e superheraínas*”.

Obxectivo 1: Mellora xeral dos resultados académicos

Aplicáronse as medidas recollidas no plan de mellora sobre as que seguiremos insistindo nos vindeiros cursos para acadarmos o obxectivo de superar no curso 2020-2021 a media interanual de promoción do 90% na ESO e do 80% no bacharelato.

Avaliación do plan de mellora

Obxectivos:

1. Crear hábitos de traballo dentro e fóra da aula.
2. Reducir a conflitividade.
3. Mellorar a práctica docente.
4. Aumentar a implicación das familias.

Medidas:

Organización de centro	<i>Encargado</i>	<i>Temporalización</i>	<i>AVALIACIÓN</i> <i>(xullo, 2019)</i>
<ul style="list-style-type: none"> • Planificación de calendarios trimestrais de exames finais. 	Xefatura de Estudos Titorías	Comezo de cada trimestre.	ESO: Satisfactorio. BAC.: Deriva en problemas de absentismo. Necesita reformularse o sistema.
<ul style="list-style-type: none"> • Fortalecer as medidas de atención á diversidade: Reforzos, exención de 2.º lingua estranxeira, desdobres, adaptacións curriculares, PROA... 	Orientación Xefatura de Estudos Profesores	Curso	Aplicáronse todas as medidas contempladas. Recollemos, asemade, a posta de marcha e seguimento de varios protocolos de TDHA.
<ul style="list-style-type: none"> • Aplicar o Plan de Convivencia e mais o Plan de Acción Titorial para reducir todo o posible conflitividade, principalmente nos cursos iniciais da ESO. 	Xefatura de Estudos Orientación Titorías Xunta de Delegados/as	Curso	- Realizada a enquisa do informe de convincia. - Manter o control principalmente nos cursos iniciais da ESO. - Indicios de absentismo en Bacharelato.
<ul style="list-style-type: none"> • Potenciar a Xunta de Delegados/as 	Xefatura de Estudos	Reunións periódicas	- Fortalecer para vindeiros cursos da Xunta de Delegados/as.
<ul style="list-style-type: none"> • Coordinación das titorías con Orientación 	Dept. Orientación	Reunións semanais	- En xeral moi satisfactoria igual que o labor das titorías.

Metodoloxía docente	<i>Encargado</i>	<i>Temporalización</i>	<i>AVALIACIÓN</i> <i>(xullo, 2019)</i>
<ul style="list-style-type: none"> Reflexión e cambios nos criterios de cualificación: potenciar a avaliación do traballo na aula. 	Departamentos	Principio de curso: programación	- Avaliación de Inspección e cambios nas programacións (abril).
<ul style="list-style-type: none"> Traballo por proxectos e avaliación de competencias clave 	Profesores	Un proxecto por trimestre. Proxecto de centro	- Inclusión no Programa PITEAS (metodoloxía SEM) - Premio Proxecta.
<ul style="list-style-type: none"> Formación do profesorado: xestión de aula, convivencia e atención á diversidade 	Profesores Plan de Formación Permanente do Profesorado	Curso	- Curso de traballo colaborativo (inicio do vindeiro curso)
<ul style="list-style-type: none"> Controlar sistemáticamente as actividades encomendadas, cun seguemento especial aos alumnos con dificultades. 	Profesorado	Curso	- Activación de varios protocolos TDHA e prevención do risco suicida.

Comunicación coas familias	<i>Encargado</i>	<i>Temporalización</i>	<i>Avaliación</i>
<ul style="list-style-type: none"> Potenciar a comunicación: <ul style="list-style-type: none"> - Presencial: horario de atención a pais e nais. - Dixital: EDIXGAL, AbalarMóviles, páxina web, 	Titorías Profesores Xefatura de Estudos	... Curso	- Aumento considerable da comunicación a través das ferramentas TIC: Edixgal, AbalarMóviles
<ul style="list-style-type: none"> Colaboración e reunións periódicas coa ANPA 	Dirección	Curso	Realizadas e mesmo contacto e traballo con outras ANPAS dos centros educativos de Mugardos.

Incluimos a análise da promoción nacida no ano 2001 que cursaron no centro ESO e Bacharelato.

Análise da promoción nacida en 2001

N.º alumnos/as		30	28	25	24	24	23	CONCLUSIÓNS XERAIS	
	2012-2013	2013-2014	2014-2015	2015-2016	2016-2017	2017-2018	2018-2019		
1999 H	1	1	2	1FPB Cociña		1FPB Agroflor		Do alumnado repetidor en primaria ou en 1.º ESO, só unha muller conseguiu o título de técnica básica ao cabo de seis anos.	
1999 M	1	1	2	1FPB Peiteado	1FPB Peiteado	2FPB Peiteado	FCT		
1999 H	1	1	2						
2000 M	-	1	Traslado de matrícula fóra de Galicia						
2000 H	1	1	2	3	1FPB Informática	1FPB Agroflor	3.º ESA		
2001 M		1	2	3	4	1B	2A	Das 14 mulleres iniciais, agás un caso de cambio de centro, todas conseguiron rematar a ESO en catro anos e o Bacharelato en dous. Por modalidades, 10 cursaron bacharelato de CCSS e humanidades e 3 o de Ciencias	
		1	2	3	4	1A	2A		
		1	2	3	4	1A	2A		
		1	2	3	4	1B	2B		
		1	2	3	4	1B	2B		
		1	2	3	4	1A	2A		
		1	2	3	4	1A	2A		
		1	2	3	4	1A	2A		
		1	2 <i>Cambio de centro</i>	2	3	3	4		
		1	2	3	4	1A	2A		
		1	2	3	4	1A	2A		
		1	2	3	4	1A	2A		
		1	2	3	4	1B	2B		
		1	2	3	4	1A	2A		
2001 H		1	2	3	4	1A	2A	Dos 11 homes iniciais, só 8 remataron a ESO en catro anos. Agás 1 caso nun ciclo medio, todos elixen bacharelato. A repetición en 2.º ESO non acabou en titulación. Os repetidores en 3.º ESO si conseguen rematar a ESO e logo seguen en bacharelato (con máis de 5 materias suspensas)	
		1	2	3	4	1B	2A		
		1	2	3	3	4	1B		
		1	2	3	4	1A	2A		
		1	2	3	3	4	1B		
		1	2	3	4	1B	2B		
		1	2	3	4	1FPM	2FPM		
		1	2	3	4	1B	2B		
		1	2	3	4	1B	2B		
		1	2	2	3	1FPB Mantemento			
		1	2	3	4	1B	2B		
		2	2	3			Dos 7 homes en bacharelato por modalidades, 6 iniciaron Ciencias e 2 cambiaron a CCSS en 2.º bac.		

Obxectivo 2: Implantación do ciclo de FP Básica “Agroxardinaría e composicións florais”

Neste curso acadamos a primeira promoción do ciclo básico con todos os alumnos cualificados no título de técnico básico. Segundo os criterios aprobados este ano, non acadaron a titulación ESO.

Un dos aspectos máis salientables foi o resultado e rendemento excepcional dos dous profesores técnicos encargados de impartir os módulos específicos.

En canto materiais, instalacións e proxección do ciclo acadáronse satisfactoriamente todos os obxectivos. Con todo, fica moito traballo de adaptación deste ciclo básico á oferta do centro.

Para unha análise máis completa, ver a memoria do departamento de Actividades Agrarias.

Obxectivo 3: Incorporación ao proxecto E-dixgal: introdución do libro dixital (1.º e 2.º ESO)

Por segundo curso consecutivo, participamos no proxecto E-dixgal. A dirección e o coordinador do proxecto no centro avalían positivamente a integración das ferramentas electrónicas e o soporte dixital. A totalidade do profesorado destes niveis empregou o sistema e avanzouse no uso dos módulos de comunicación e programas informáticos fornecidos. Queda, iso si, integrar as posibilidades de creación de materiais dixitais e instrumentos de avaliación do sistema. Unha parte importante na que debemos seguir insistindo é na formación do profesorado.

Unha das recomendacións do claustro foi poder contar cunha avaliación do proxecto entre todos os sectores (alumnado, docentes e familias) e unha análise dos resultados.

Obxectivo 4: Mantemento do edificio e instalacións

O grande obxectivo para este curso que era o adecentamento da fachada exterior do edificio, debeu ser posposto. A principal razón foi a necesidade de reservar os fondos económicos para acometer unhas melloras obrigatorias no transformador eléctrico do centro. Contamos cunha axuda da Consellería e a instalación eléctrica renovárase este mes de xullo.


A limpeza e reparación da fachada fica adiada provisionalmente por pouco tempo pois a cuestión por estética e revisión de seguridade é importante. Por iso a dirección solicitará unha entrevista co Xefe Territorial para plantear este asunto.

Obxectivo 5: Proxecto de centro “Superheroes e superheroínas”


Malia non acadar un grande número de actividades realizadas, o proxecto serviu para cohesionar moitas propostas dos departamentos e, principalmente, da biblioteca.

2. Resultados académicos


1.º ESO




2.º ESO




3.º ESO



4.º ESO




FP BÁSICA



	1 aval	2 aval	3 aval	1 aval	2 aval	3 aval
1 FP-Básica			2 FP-Básica			
Suspenden mais de 3	1	1	1	0	0	0
Suspenden 3	0		0	0	0	0
Suspenden 1 ou 2	2	2	0	1	1	0
Aproban todo	2	2	4	2	2	3


1.º BACHARELATO



	1 aval	2 aval	3 aval	1 aval	2 aval	3 aval
1.º BAC-A			1.º BAC-B			
Suspenden mais de 3	6	9	5	10	10	6
Suspenden 3	4	1	0	3	1	1
Suspenden 1 ou 2	6	8	3	3	5	3
Aproban todo	10	8	18	7	6	12


FINAL

2.º BACHARELATO



	1aval	2aval 2.º BAC-A	XUÑO	1 aval	2 aval 2º BAC-B	XUÑO
■ Suspenden máis de 3	4	2	0	4	4	1
■ Suspenden 3	4	1	0	3	2	0
■ Suspenden 1 ou 2	8	7	0	2	3	2
■ Aproban todo	6	11	21	14	14	20

ESA 4 - Aval. Ordinaria - Curso 2018-19



	Ámbito social M4	Ámbito da comunicación M4	Ámbito científico tecnolóxico M4
Promocionan	9	8	10
Non promocionan	2	3	0
Matriculados	11	11	10
% Aprobados	81,82%	72,73%	100,00%

3. Rexistro de actividades

CONTEXTO SOCIOECONÓMICO

- Mantemento dos prezos de axuda ao transporte nas saídas escolares (3 euros/medio día; 5 euros/día).
- Educación de Adultos: ESA III-IV
- Bacharelato: bolsas de estudo (MEC)
- ESO: Fondo solidario, axudas
- ANPA: Axudas ao transporte nas saídas escolares.
Banco de Libros ANPA.
- Concellos: Axudas para o ensino e o transporte do Concello de
Mugardos Comedor escolar municipal

INSTALACIÓNS E DOTACIÓN MATERIAL

- Xardín: servizo de mantemento e limpeza a cargo do alumnado de FPB Agroxardinaría.
- Pintado da Aula de Informática.
- TIC: canón dixital na aula de informática.
- Biblioteca: andeis no corredor exterior; fondos bibliográficos.
- Almacén de actividades agrarias funcionou como “centro de negocio” para o proxecto de eduemprende.
- Invernadoiro: funcionamento do sistema de rega automática.
- Rampla de acceso ao invernadoiro e pequeno estanque ornamental.
- Zona de compostaxe.
- Revisión e cambio de contrato para o mantemento do transformador eléctrico.

OFERTA EDUCATIVA

- Implantación completa de FP Básica “Agroxardinaría e composicións florais”
- Dous grupos CUALE: B1 e A2
- Dúas seccións bilingües (Educación Física en 1.º e 2.º. ESO)

ALUMNADO

- Dúas matrículas de honra en 2.º bacharelato.
- Dous alumnos inscritos nas probas dos Premios Extraordinarios de Bacharelato.
- 1.º premio Proxecta “Apuntámonos a non beber” (1.º ESO)
- 3.º premio Olimpíada de Filosofía de Galicia, modalidade de vídeo, 1.º Bacharelato.
- Finalistas nos premios de audiovisual escolar Olloboi.

PROFESORADO

- PFPP con tres itinerarios:
 - TIC: Formación E-dixgal

- PITEAS: metodoloxía SEM
- Club de Ciencias
- Concesión do ERASMUS+ con trece mobilidades docentes para os vindeiros dous cursos. “K101 Con cuidado, contiene sueños...”

CENTRO

- Contratos-Programa: PROA e Igualdade, convivencia.
- Proxecta: Proxecto Deportivo de Centro e Apuntámonos a non beber.
- Plan de mellora da biblioteca e Clubs de Lectura.
- Auxiliar de conversa compartida co CEIP Unión Mugardesa.
- Club de Ciencias (alumnado e profesorado).
- Organización de EDUSOLIDARIEDADE Á MUGARDESA con todos os centros educativos do concello de Mugar dos.

MEMORIA FINAL DA XEFATURA DE ESTUDOS

CURSO 2018-2019

INTRODUCCIÓN

No presente curso 2018-19 que vimos de rematar, a Xefatura de Estudos vai expoñer nesta memoria final diferentes cuestións que se foron desenvolvendo.

No mes de Xullo, a Xefatura de Estudos, mes de actividade administrativa e non lectiva, participou na elaboración do calendario de exames da convocatoria extraordinaria de Setembro.

O Equipo Directivo, elaborou unha previsión de matrícula e de optativas para poder formalizar os grupos no mes de setembro e facer as peticións de profesorado, neste eido a Xefatura de Estudos colaborou nesta faceta.

INICIO DO CURSO

O inicio do curso posiblemente fose un tanto menos problemático que o do ano anterior, coido que o traballo feito no curso 17-18, vai dando o seus froitos en canto axilidade e convivencia no centro. Tamén hei de reflicir, que o perfil de alumnado que cursou a FPB de Agroxardinería, é bastante diferente ao alumnado da promoción anterior, iso sen dúbida axudounos a manter certa calma dende o comezo.

Dende un comezo, deunos a sensación de que este curso ía ser distinto aos anteriores. Xa posto en marcha o Plan Edixgal dende o ano pasado, non houbo atrancos algúns, e existiu unha perfecta colaboración de todas as partes.

Tívose unha xuntanza co profesorado novo, para darlles unhas pautas dos procedementos básicos de funcionamento do centro, no ámbito loxístico, convivencia, administrativo....xa que nalgún caso concreto había docentes que non traballaran nunca no ámbito educativo.

PLAN DE MELLORA

Un ano máis a Xefatura de Estudos, púxose como un dos principais obxectivos, cumprir co Plan de Mellora do curso, e para tentar lograr o propósito elaborou catro estratexias moi básicas:

-Información ás Titorías do citado Plan.

-Información aos pais por medio da web onde aparecían as Miniprogramacións de Curso, de cada Departamento, onde se recollen, procedementos e criterios de avaliación. Elaboración dos calendarios de exames e a súa posterior difusión.

-Relación directa e constante cos distintos Departamentos.

-Redución da conflitividade nas aulas.

As titorías foron sen dúbida, as máis aleccionadas de como obrar nas aulas, poñendo o fincapé nos cursos baixos, para que establecesen ao longo do curso un clima de traballo e exigencia dos seus alumnos. Dende o primeiro momento quixemos destacar a importancia de estar moi atentos a este alumnado pois son o presente e futuro do noso centro e interéсанos moito que aprendan cales son os comportamentos axeitados.

En canto a exposición das miniprogramacións, pretendemos que as familias sexan coñecedoras dos mínimos para que os seus fillos poidan superar as materias. É unha opción irrenunciable, da que estamos orgullosos e que continuaremos levando a cabo todos os anos, á marxe do recelo que existe ao comezo entre os novos integrantes do claustro. Ao mesmo tempo a elaboración dos calendarios de exames e a súa posterior difusión foi un arma chave para que o alumnado soubese en todo momento o día das súas probas, tentando que houbera unha posterior organización e planificación. Como cambio deste ano en relación co 17-18, a Xefatura de Estudos, estableceu a SEMANA DE EXAMES, so no Segundo de Bacharelato, porque consideramos que a súa extensión ao Primeiro de Bacharelato non funcionara. Outra novidade foi, que os alumnos dos grupos de Segundo Bacharelato, na última semana da súa primeira e segunda avaliación contaron con 5 días adicados a elaboración de exames, pero sen suspensión das aulas, como fixeramos o ano anterior (Inspección advertíranos de que non podíamos anular o dereito á aulas). A medida serviu para mellorar o

rendemento académico. Esta iniciativa buscaba que existise un maior aproveitamento do tempo para estudar e preparar as probas. Mantívose a proposta da SEMANA DE EXAMES DE PENDENTES, coa firme idea de continuar nos vindeiros cursos. Este ano foi do luns 6 de Maio a o venres 10 de Maio (inclusive). Deste modo os alumnos que non recuperen a materia pendente de forma ordinaria ao longo das dúas primeiras avaliacións terá a posibilidade dunha proba para final para tentar recuperar materias.

Este ano, a nivel xeral, podemos destacar que seguimos na liña do ano anterior reducindo a conflitividade que se rexistrou no centro, no apartado de PLAN DE CONVIVENCIA, profundizaremos neste aspecto.

PLAN DE CONVIVENCIA MEDIDAS CORRECTORAS

Se analizamos fríamente os datos, debemos pór en valor a redución da conflitividade dende o primeiro trimestre ao terceiro, algo que xa fomos conscientes o ano anterior. Como medida básica correctora utilizouse un ano máis a denominada AULA DE DIVERSIDADE (AULA 13), por medio da cal, os profesores teñen un primeiro instrumento para mellorar o clima en convivencia da aula. Esta medida consiste no envío á citada aula ao alumnado que ten comportamento disruptivo. Estes datos que presentamos a continuación avalan o dito anteriormente, unha redución da conflitividade.

1ª AVALIACIÓN: houbo 24 saídas á Aula 13. 26 partes de conduta en total. 12 acumulados por un so alumno

2ª AVALIACIÓN: houbo 21 saídas á Aula 13. 23 partes de Comportamento: en total..

3º AVALIACIÓN: 25 saídas á AULA 13.

CAUSAS:

- A merma de efectivos da FPB, axudou a reducir o número.

-A inmediatez da información por parte da Admnistración do Centro ao comunicar por vía telefónica ás familias, o feito acontecido.

APERTURA DE EXPEDIENTES, EXPULSIÓNS E PROTOCOLOS

No devenir do curso abriuse un único EXPEDIENTE DISCIPLINARIO que se saldou con 5 días de EXPULSIÓN.

No apartado de PROTOCOLOS, iniciáronse varios PROTOCOLO de ABSENTISMO, que finalmente non se abriron, porque as familias atenderon ás primeiras entrevistas e deste modo non se continuou co proceso.

Dende a Xefatura leváronse distintas medidas correctoras de autoxestión no centro que evitaron ter que levantar novos expedientes:

TRABALLOS NA AULA DE CONVIVENCIA (AULA 13)

Moitas das medidas que propuxemos dende a Xefatura de Estudos, tiveron dous obxectivos básicos:

- PROPORCIONALIDADE

- RECONDUCCIÓN

Dende aquí quero agradecer o traballo dos titores que serviron como DIQUE DE CONTENCIÓN, ante o aluvián de protestas, demandas, queixas....que chegaban nos primeiros meses ao meu despacho. Agora son conscientes de que teñen que respectar os protocolos de actuación, e que os profesores de aula e os respectivos titores deben ser os primeiros sabedores das incidencias.

En canto o número de expulsións tivemos unha porcentaxe moi elevada no 1ºESO.

No 2ºESO, unha reincidencia continuada dun alumno que chegou a acumular 8 expulsións ao longo do curso, un caso que desluce en moito o clima de convivencia pacífica do centro.

No resto dos cursos máis alá dalgún PARTE DE CONDUTA puntual, non houbo problemas de conflictividade. Recordamos que o proceso de EXPULSIÓN actívase coa acumulación de tres PARTES DE CONDUCTAS.

Destacar que no apartado de convivencia, o centro segue baixando a conflictividade con respecto a anos pasados, unha labor que conta coa colaboración, esforzo e traballo de todos os membros que formamos partes da comunidade educativa.

Non quería esquecerme e deixar constancia, da deriva reivindicativa e en moitos casos preocupante que están tomando parte dos pais, xenerando un ambiente tóxico, e realmente mellorable.

MEMORIA DE VICEDIRECCIÓN

As principais funcións encomendadas ao cargo de vicedirección durante este curso foron tres: a coordinación e organización de actividades extraescolares, a organización e xestión económica da excursión de fin de curso de 4º da ESO e a coordinación do Programa escolar de froita e leite na escola.

1. A COORDINACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

O obxectivo neste ámbito será o de continuar a liña dos anos anteriores, caracterizada por un alto grao de participación de profesores e alumnos en programas e actividades e pola colaboración coas institucións locais, impulsando as iniciativas que xurdan neste apartado.


Ademais, para lograr unha maior organización e aproveitamento dos recursos dispoñíbeis se traballará na procura de ofrecer ao profesorado unha visión panorámica da complexa rede de programas e actividades tecidas no centro. Desglose de obxectivos:

- a.-Impulsar a implicación de alumnado e profesorado nas actividades extraescolares.
- b.-Optimizar a difusión da rede de actividades do centro.
- c.-Maximizar o aproveitamento dos recursos dispoñíbeis.
- d.-Manter a colaboración coas institucións locais.

A. IMPLICACIÓN DO ALUMNADO E PROFESORADO NAS ACTIVIDADES.

Mantense a liña de alta participación de anos anteriores debido aos diferentes programas interdisciplinares do Centro mais as propias dos Departamentos. No relativo á colaboración interdisciplinar, segue a manterse nunha liña ascendente na que destacamos as incluídas no marco do proxecto de centro denominado *SUPERHEROES E SUPERHEROÍNAS* e as organizadas pola Biblioteca.

Foi notable, ademais, o alto grao de implicación de profesores e alumnos nos actos preparados durante o curso: LECTURAS TERRORÍFICAS NA BIBLIOTECA (Samaín 2018) o do DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO, ENTROIDO, o día DA PAZ, o día de ROSALÍA, a semana DAS PROFESIÓNS, EDUSOLIDARIEDADE á MUGARDESA, o día das LETRAS GALEGAS, estrea da obra MEDEA, protagonizada polos alumnos e alumnas do obradoiro de teatro e o de FIN DE CURSO e a entrega dos premios ESTUDO E DEPORTE.



III SEMANA DAS PROFESÍONS

DECISIONS TOMADAS EN POUCOS SEGUNDOS. MARCAN FUTUROS ENTEROS



Estación: IES MUGARDOS
Ruta: FUTURO DE INDICATIVO
Do 04 ao 12 DE ABRIL

VIAXE AO TEU FUTURO: PARADAS

04 ABRIL VISITAS

- 3º ESO: IES Universidade Laborel (09:20-11:00) + Escola de Arte Pablo Picasso (11:50-13:30). Saída/chegada Mugardos: toda a mañá.
- 4º ESO-2º FPB: IES LEMA (09:45-11:25) + Instalacións Pull and Bear Nardón (12:45 a 13:45). Saída/chegada Mugardos: 9:15/14:25.

05 ABRIL: CHARLAS E OBRADOIROS

- 2º-3º-4º ESO: Mónica Estévez Vázquez: Técnica Distrito Forestal I Ferrol (09:35-10:25 h).
- 4º ESO: Obradoiro emprendemento: Rafael Viqueira da Fundación Rosal (12:45-13:25).
- 4º ESO/1º-2º Bach: Centro Superior de Hostalaría de Galicia (13:25-14:20).

08 ABRIL VISITA

- 1º ESO: CIPP Ferrolterra (10:00-12:00). Saída/chegada Mugardos: 09:35-12:45.
- 1º-2º-3º ESO: Mulleres, ciencia e igualdade. Alumnado da 2ª Bacharelato (13:25-14:20).

09 ABRIL VISITA

- 2º ESO-FP Básica: CEFA Guisamo (11:30-13:30). Saída/chegada Mugardos: 10:45-14:00.
- Adultos-FP Básica+1º-2º Bach: Ana Belén Paz Pena. Responsable Terminal Carbón ENDESA no porto exterior de Ferrol (16:20-17:10).
- Adultos-FPB: Como elaborar un bo CV. Técnico RRIHH (17:25-18:25).

10 ABRIL: FEIRA ORIENTACIÓN FERROLTERRA

- 1º-2º FPB: Representación do IES Mugardos na Feira de Orientación obradoiro Kokedemas+Hotel insectos. Chegada/saída Mugardos: toda a mañá.

11 ABRIL: CHARLAS E OBRADOIROS

- 1º-2º Bach: Escola de pilotos APN (11:25-12:25).
- 2º ESO: Colexemos a FP Básica. Obradoiros de Kokedemas+Hotel de insectos+Visita invernadero. Alumnado/profesorado de FP Básica (12:45 a 4:120).
- 1º-2º Bach: Que foi da...Zoe Rivera Sánchez e María Zabala Couto? Turismo e enfermaria (12:45-13:25).

12 ABRIL VISITA

- 1º Bach: Visita á USC. Chegada/saída Mugardos: toda a mañá.

MEDEA

(EURÍPIDES)

OBRADOIRO DE TEATRO


2º BACH

XOVES 8 de MAIO
SALÓN DE ACTOS
IES MUGARDOS

ENCANTO COAS FAMILIAS

PROGRAMA SOCIOEDUCATIVO DE PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO 2018-2019

SUPRime o CONTRol



Charla sobre a problemática da VIOLENCIA DE XÉNERO

Pautas e ferramentas que permitan abordar as formas da violencia de xénero na adolescencia

Mércores 8 de maio ás 18:30h

IES de Mugardos

Rúa o Cristo s/n, Mugardos



Edusolidariedade á Mugardesa II

Un evento solidario e de convivencia da comunidade educativa de Mugardos

A favor de unicef

Carreiras Sorteos Xogos Inclinables Zumba

Empresas e institucións solidarias

IES de Mugardos
P. Usón Mugardos
P. Santiago Apóstolo
PEL Loyola

Concello de Mugardos

31 MAIO
10.00-13.30.
ZONA CALDOVAL
IES MUGARDOS

Andrés Botella (La Voz)
As Traballoes
CincoCinco
Elmo Ferrer
Fundación Verónica
IES LEMA A. Enríquez
Menes de mar Santi
RC Deportivo
Ronda
Udapest School

ANPA
Rúa Pola Ludoteca
CSRS
El Balcón de Pinea
Frasca
La Gata Doa
O Fiel
Real Madrid
Tudo por LCO

Ana Floral á Mugardesa
Casas Mugardos
Galegoes
Estre nosas
Galegoes
Madrugada Comar.
Polo do CO
Raz Zumbado
Druas Plenas

PLANS PROXECTA:

Este ano aumentamos en número a participación nos Plans Proxecta con respecto ao ano pasado. No curso pasado 2017-2018, participamos nun proxecta; PDC (proxecto deportivo de centro) Centros activos e saudables, a cargo de Leticia Ogando.

Este ano houbo dous Plans Proxecta: o PDC (proxecto deportivo de centro) Centros activos e saudables, a cargo de Edda Beltrán, e “apuntámonos a non beber” a cargo de Camilo Soto García.

B. OPTIMIZACIÓN DA INFORMACIÓN SOBRE A REDE DE ACTIVIDADES DO CENTRO

Para lograr este obxectivo usamos como medio o calendario exposto na Sala de Profesores, e seguimos a utilizar ao igual que no curso pasado, un calendario de Google na páxina WEB:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesdemugardos/>

C. MANTEMENTO DA COLABORACIÓN COAS INSTITUCIÓNS LOCAIS:

Este apartado segue a manterse nun estado óptimo, enumeramos a continuación unha mostra das nosas colaboracións:

-Participación en actividades deportivas organizadas polo Concello e os clubs deportivos, tales como o campionato comarcal e provincial de orientación, xogos na praia en Ares, etc.

-A organización dun proxecto interdisciplinar que levou por título “Superheroes e Superheroínas”. Este proxecto desenvolveuse nun conxunto variado de actividades: obradoiros, exposicións, traballos e saídas.

-A organización de varios obradoiros formativos en colaboración con Asuntos Sociais do Concello e diferentes entidades(Habilidades Sociais, Sexualidade, Navegar pola rede...)

-VIII Premio Estudo e Deporte, en colaboración co Concello e os clubs deportivos da zona Ares-Mugardos.

2. TRANSPORTE

No relativo a este apartado é de destacar o mantemento da colaboración económica coa ANPA no transporte das actividades extraescolares.

Este ano incrementouse significativamente a contribución económica do centro debido ao aumento no número de excursións, especialmente as de día completo e destinos afastados.

Deste desglose económico hai que excluír a excursión de Barcelona, dos alumnos e alumnas de 4º da ESO.

3. EXCURSIÓN DE FIN DE CURSO A BARCELONA

O presuposto por alumno e alumna da excursión a Barcelona foi de 605€ e o importe global foi de 10.285€ euros. Tivo unha participación boa pois asistiron 17 alumnos dos 18 do grupo de referencia. Tamén é destacable a organización por eles mesmos da creación e venda de rosas polo San Valentín, venda de produtos navideños e de entroido. Ademais, foron repartidas rifas a cada alumno por un importe de 300 €, entre as facilitadas pola ANPA e AVASA.

O coste total por alumno incluíu transporte e aloxamento en media pensión, visita ao Museo Nacional de Arte de Cataluña, paseo en barco polo porto de Barcelona, visita panorámica da cidade, visita ao Parc Güell, visita ao Camp Nou, e ao parque temático de Port Aventura.

4. RELACIÓN DE ACTIVIDADES DO CURSO 2018-2019

Por último, presentamos a continuación unha síntese das actividades organizadas no IES ao longo do curso 2018-2019:


- MENINAS CANIDO + CASINO FERROL 5-10-18 : organizada en conxunto polo departamento de X^a e H^a e o departamento de Plástica.
- SURF BASTIAGUEIRO 9-10-18 : organizada polo departamento de Educación Física.
- GIRL STEM CORUÑA 19-10-18 : organizado polo Club de Ciencia 2018-2019.
- CHARLA XURXO MARIÑO EN NARÓN 20-11-18 : organizada polo departamento de Física e Química.
- TEATRO EN FRANCÉS EN FERROL 24-1-19 : organizado polo departamento de Francés.
- TEATRO FORUM METROPOLITANO NA CORUÑA 19-1-19 : organizado polo departamento de Castelán.
- TEATRO STA JUANA DE LESTONNAC EN FERROL 29-1-19 : organizado polo departamento de Castelán.
- PISCINA MUNICIPAL DE FRANZA 8-2-19 : organizada polo departamento de Educación Física.
- PISCINA MUNICIPAL DE FRANZA 15-2-19 : organizada polo departamento de Educación Física.
- VISITA Á USC 12-2-19 : organizada polo departamento de Orientación.
- MEGA JUMP CORUÑA 25-2-19 : organizada polo departamento de Educación Física.
- TEATRO CLÁSICO EN CORUÑA 13-3-19 : organizado polo departamento de Latín e Grego.
- TEATRO FORUM METROPOLITANO NA CORUÑA 29-3-19 : organizado polo departamento de Castelán.
- SEMANA DAS PROFESIÓN 4 ao 11-4-19 : organizada polo departamento de orientación.
 - IES UNIVERSIDADE LABORAL + ESCOLA PABLO PICASSO 4-4-19
 - IES LEIXA + PULL&BEAR 4-4-19
 - CIF FERROLTERRA 8-4-19
 - CFEA GUÍSAMO 9-4-19
- VISITA UDC 12-4-19 : organizada polo departamento de orientación.

- ESTACIÓN BIOLÓGICA MARIÑA EN A GRAÑA 27-5-19 : organizada polo departamento de bioloxía.
- SURF BASTIAGUEIRO 28-5-19 : organizado polo departamento de Educación Física.
- PRESENTACIÓN MINIEMPRESAS CORUÑA 12-6-19 : organizado polo departamento de Agroxardinería.
- BETANZOS – CHELO – MIÑO (actividades acuáticas) 14-6-19 : Organizada polo departamento de Educación Física.
- CLUB DE LECTURA (todos os meses) : Organizado polo departamento de bibliotecas.
- DEPARTAMENTO DE AGROXARDINERÍA:
 - GALICIA SKILLS 29, 30-11-18
 - CARBUXOFLOR NARÓN 25-1-19
 - VIVAFLOR 22-3-19
 - FEIRA ORIENTACIÓN DE CARANZA 10-4-19
- OLIMPIADA MATEMÁTICA GALEGA : organizada polo departamento de matemáticas 18-1-19
- RALI MATEMÁTICO : organizado polo departamento de matemáticas 26-3-19
- VI OLIMPIADA FILOSÓFICA DE GALICIA : organizada polo departamento de filosofía 14-3-19

RESUMO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS: SAÍDAS/ACTIVIDADES/CHARLAS 2018-2019

Saídas por cursos

2018-2019



Actividades por departamentos

2018-2019

